

galego



*Revistas*



*Libros*



*Música*



*App móbiles*



*Cativos*

# *Un Nadal mozo e en galego*

*Guía de agasallos para a xente nova*



*Tecnoloxía*



*Decoración*



*Artesanía*



*Audiovisual*



*Roupa*



*Gastronomía*



*Lecer*



*Libros*



*Revistas*



*Cativos*



*Decoración*



*Artesanía*



*Audiovisual*



*Roupa*



*Gastronomía*



*Lecer*



*Tecnoloxía*



*App móbiles*



*Música*

Esta guía de agasallos forma parte do programa «Nadal en Rede 2014», impulsado pola Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia, e conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e mais da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. É unha das accións de dinamización lingüística contempladas na Estratexia de Xuventude 2014. Unha estratexia para a mocidade galega.

Os nomes de todos os produtos desta guía teñen unha ligazón a un sitio web onde atoparás máis información e, na maioría dos casos, poderás mercar directamente o teu agasallo.

# Un Nadal mozo e en galego

Un ano máis chega o Nadal e, un ano máis, presentámosvos aos mozos e mozas de Galicia unha guía que vos pode axudar a facerdes en galego as vosas compras, a atopardes o agasallo perfecto para as persoas que queredes ou a lles facilitardes a elas o traballo de atoparen algo que vos guste a vós.

Velaquí unha selección de produtos feitos en galego (libros, discos, filmes...) ou ben que utilizan este idioma para a difusión e venda (etiquetaxe, web...). Por suposto, existen moitos máis, pero nestas páxinas atoparedes unha pequena mostra da variedade da oferta que tedes ao voso alcance: en galego hai para todos os petos, para todos os gustos, para todas as idades, para todas as necesidades.

Un agasallo en galego ofrece, ademais, algo de especial. A nosa lingua fai o regalo

máis próximo, máis noso e, asemade, máis orixinal e actual. As empresas que optan por ela sábeno e os consumidores temos nestas datas unha ocasión propicia para premiarmos a súa intuición e o seu compromiso co idioma de todos os galegos.

Tamén nos agasallos que confeccionedes vós mesmos e nas tarxetas de felicitación que enviades será o galego un adorno de Nadal extraordinario que ligará o voso regalo tanto a unha longa tradición de celebracións coma a un presente que nos une solidariamente cos galegos e galegas que viven aquí ou repartidos polo mundo, así como co futuro que se abre ante nós coa proximidade dun novo ano.

Desexámosvos unhas festas cargadas de alegría, do agarimo dos vosos e, por que non, de agasallos... en galego.

*Valentín García Gómez*

Secretario xeral de Política Lingüística

*Ovidio Rodeiro Tato*

Director xeral de Xuventude e Voluntariado



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA




AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

LIBROS



*Un libro é, sempre, un agasallo perfecto.  
Só hai que elixir o axeitado.*




María Reimóndez

### Dende o conflito

Nesta novela merecedora do Premio Xerais 2014, a escritora lucense María Reimóndez artella un escenario arredor da traxectoria vital dunha reporteira galega que informa sobre situacións de conflito. A trama lévanos por territorios como Kigali, Bagdad, Addis Abeba, Afganistán, Sri Lanka, Porto Príncipe, Londres, Berlín, Compostela ou Vilalba. **Xerais**

WWW



Xabier Quiroga

### Zapatillas rotas

O señor Xaquín desaparece por sorpresa da residencia de anciáns na que, voluntariamente, pasa os derradeiros anos da súa vida. A mobilización para dar con el provoca un delirante enredo no que os protagonistas, un vello e un parado, van espertar unha historia do pasado que semellaba durmida. **Xerais**

WWW




José M.ª Durán Medraño

### Da natureza dos escritores, artistas e vermes

Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2013, esta obra ocúpase da concepción do traballo na sociedade contemporánea botando man das achegas recentes do pensamento para subliñar a súa dimensión estética e creativa. **Galaxia**

WWW



Xabier López López

### Olympia Ring, 1934

O xornalista pontevedrés Sebastián Faraldo viaxa a Barcelona para escribir sobre o combate polo título mundial de peso pluma. Estamos en 1934, con Cataluña sumida en plena euforia republicana e nacionalista. O boxeador galego Manuel Ramírez Castro, alcumado O Camión, vai intentar atopar o seu sitio no mundo das catro cordas. **Galaxia**

WWW



Santiago Lopo

### A diagonal dos tolos

Unha persoa atravesa a pé a illa Reunión, no Océano Índico. Por que corre? Cumprirá o seu obxectivo? Os ritmos africanos do *maloya* marcan o desenfreno dunha carreira que agocha un segredo escuro. Esta obra, merecedora do Premio Repsol de narrativa breve, é unha fiesta aberta aos vieiros que conforman a historia da humanidade. **Galaxia**

WWW



LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA



LEGER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## LIBROS



Manel Loureiro

### Apocalipse: os días escuros

Urco Editora dá un paso máis no cumprimento da súa promesa de ofrecer en galego a triloxía de terror zombie Apocalipse Z, de gran éxito mundial, coa publicación do segundo volume, *Os días escuros*.

**Urco Editora**

[WWW](#)



Lorena López Covas

### Historia da música en Galicia

Esta obra formada por un libro e dous CD ofrece unha revisión actualizada da historia da música en Galicia desde unha perspectiva pedagóxica. O lector ten a posibilidade de se achegar cronoloxicamente á música feita en Galicia desde a pre-historia até os nosos días. **Ouvirmos**

[WWW](#)



Xurxo Ayán e Manuel Gago

### Herdeiros pola forza

A través dunha metáfora ben ilustrativa, na que se compara a sociedade galega á figura dos herdeiros forzados, aqueles que asumen a forza do patrimonio legado polos seus devanceiros, os autores adéntrannos en clave de sorna crítica nas relacións entre a cidadanía, o patrimonio cultural e as administracións.

**2.0 Editora**

[WWW](#)




Cris Pavón

### Sangue doce

Libro de feitura estraña que mestura o real e o fantástico dacadalo entre os séculos XIX e XXI. Preséntasenos unha fábula vampírica que conxuga fíos de feminismo, tecnoloxía e literatura para tecer a historia do delongado transo adolescente da protagonista, unha rapaza que constrúe unha identidade vista como aberrante polos demais. **Urco Editora**

[WWW](#)



Nacho Taibo


### As boas familias

Esta é unha breve historia social de Galicia. Sinala a débeda histórica que a pulcra Europa ten por pagar aos millóns de americanos de pel escura.

**Toxosoutos**

[WWW](#)





LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA

LEGER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## LIBROS



Uxío Novoneyra

### 11 Caligramas

A Fundación Uxío Novoneyra ofrece este Cartafol con 11 caligramas emblemáticos da poesía do autor do Courel e prosegue o proceso de catalogación da súa produción gráfica cara á preparación dunha ampla retrospectiva desta abraiante dimensión visual da súa obra poética. Un agasallo orixinal para as e os amantes da literatura galega. **Fundación Uxío Novoneyra**

WWW




Krasznahorkai László

### Ao norte unha montaña, ao sur un lago, ao oeste uns camiños, ao leste un río

O xardín máis fermoso do mundo. Un príncipe. O neto do lendario príncipe Genji. A súa procura, os seus segredos, unha fuxida e unha persecución; unha trama na que un mosteiro abandonado, o tren da liña Keihan, a exuberante natureza dun lugar ignoto do Xapón e o saber milenario se funden nun todo e conforman un ambiente inquietante. **Rinoceronte**

WWW




Diego Marani

### Nova Gramática Finesa

Trieste, 1943. Un soldado da Segunda Guerra Mundial aparece inconsciente no porto. Sen ningunha documentación que o identifique, o home non lembra sequera o idioma que fala. O doutor que o asiste chega á conclusión de que é finlandés, coma el, e dedícase a aprenderlle de novo a súa lingua. **Rinoceronte**

WWW




Marquesa Colombi

### Un matrimonio provinciano

Singular novela publicada en 1885. A obra, escrita con mordaz ironía pola marquesa Colombi, pioneira do feminismo en Italia, conta a historia da moza protagonista, Denza Dellara, no decurso de case unha década, o transo que vai da puberdade á madurez e a asimilación dos modos e costumes da época. **Hugin e Munin**

WWW




Thomas Hardy

### Jude o escuro

Jude o escuro é a última e máis célebre novela de Thomas Hardy. Esta obra expón os sentimentos e paixóns máis fondos do autor inglés; faíno por boca de diversos personaxes, co mozo Jude Fawley como protagonista e fio condutor dunha trama emocionante e turbulenta. **Hugin e Munin**

WWW



LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA

LEGER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## REVISTAS



*Agasalla lecturas para estar ao día.*




WWW

Crónica social

### Luzes

Se queres algo diferente, coñecer de primeira man o xornalismo de calidade, *Luzes* é a túa revista. Porque o importante é contar as cousas como son e non como queremos que sexan.




WWW

Náutica galega

### Os Galos

A Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos" fundada en Bueu no 2000 acaba de sacar unha revista co obxectivo de promover, difundir e valorar o patrimonio marítimo e cultural, amais de conservar e recuperar as embarcacións tradicionais da zona.



WWW

Teatro

### Revista Galega de Teatro

Para os amantes do teatro, para que estean ao tanto das últimas propostas, entrevistas a dramaturgos, actrices e estreas... para que non perdas ningunha novidade!



WWW

Baloncesto

### SCQ Basket Magazine

Se es das que che gustan os deportes e queres apoiar o clube de baloncesto Obradoiro aquí tes a revista baloncestística mensual sobre o Obradoiro CAB. Recolle as últimas novidades sobre o clube, resultados dos partidos e moito máis! Subscríbete e forma parte desta gran familia!



LIBROS




REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES




MÚSICA

## CATIVOS LIBROS INFANTÍS



# Produtos para alimentar a imaxinación dos nosos cativos e cativas.




Áslaug Jónsdóttir, Kalle Güettler e Raket Helmsdal

### Os monstros grandes non choran

A Monstro Pequeno todo lle sae xenial. Pola contra, Monstro Grande é tremendamente zoupón. Monstro Grande ponse cada vez máis triste, pero que pode facer? Todo o mundo sabe que os monstros grandes non choran... Unha divertida historia para os reis da casa. **Sushibooks**

WWW




Martinho Terrafría e Vladimir Za

### Colección "Os libros da merenda" 10 vol.

Os libros da merenda proponnos esta colección de mini libros coa que os cativos poderán gozar da sobremesa lendo e coloreando dun xeito ameno, divertido e moi económico. **Urco Editora**

WWW



Federico Delicado

### Ícaro

Ícaro, o álbum ilustrado galardoado co VII Prmeio Internacional Compostela, é unha fermosa alegoría sobre a liberdade. Realidade e fantasía converxen, abrindo as posibilidades de interpretación dunha historia debedora de Kafka e de Hopper.

**Kalandraka**

WWW



A. Rubio e O. Villan

### Violín-Zapato-Piñeiro

O oído dos pre-lectores esperta a un mundo de sonoridade, onomatopeas e sensacións. Instrumentos musicais, palmas e bicos envoltos en delicadas ilustracións. **Kalandraka**

WWW



Charo Pita & Marion Arbona

### Quen pode vencer o vento?

Co fin de evitar a desgraza que se aveciñaba nos seus campos, os habitantes do lugar invocaban o vento para que trouxese a choiva, pero o vento non respondía. Unha noite, a curuxa convocou a todos os animais e decidiron ir na súa busca. O primeiro en ir foi o león, pero non o conseguiu. **OQOeditora**

WWW





LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

## CATIVOS LIBROS INFANTÍS



Leticia Costas

### Escarlantina, a cociñeira defunta

Román Casas quere ser un auténtico chef e pediulles aos seus pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario, que coincide co Día de Defuntos. Recibe un agasallo singular, un cadaleito cun sobre negro onde veñen as instrucións para activar a Escarlantina, unha cociñeira falecida no século XIX. **Xerais**

WWW




María Canosa e Dani Padrón

### Papá, que son os sorrisos?

Un conto infantil que nos ofrece unha visión dos problemas ambientais da nosa sociedade. Un neno, grazas ás súas inqedanzas, é capaz de impulsar el só un cambio para mellor. O libro contén un CD coa versión dixital do libro. **Galebook**

WWW



Jacobo Fernández Serrano

### Marcopola 3. Dragoneta

Terceira entrega das aventuras en banda deseñada da illa Marcopola. Por fin o alquimista Brisgovius deu coa apócema máxica. Xa ten lista a beberaxe que fará da malvada Demoneta un ser invencible capaz de voar e de cuspir lume pola boca. Demoneta transformárase en Dragoneta, e ninguén no mundo estará a salvo! Que será de Marcopola? Que vai ser agora de todos nós? **Xerais**

WWW



Pere Tobaruela

### Formig4s. Misión París

FORMOS4, FORX4N, FORNEL4 e FORM4IL son os catro integrantes dos FORMIG4S, unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. **Xerais**

WWW



Alejandra Schmidt Urzua

### A nai da nai da miña mamá

Este libro móstranos o proceso de fin da vida e o comezo doutra. Fala de forma natural da necesidade de deixarlle á vida seguir o seu curso. Unha historial para aprender a recoñecer e a expresar as emocións. **Hércules**


WWW



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

## CATIVOS LIBROS INFANTÍS



M.ª Canals e Sandra Aguilar

### As estrelas de cores

Ana e Xabier son os protagonistas desta historia, na que conseguiron averiguar que a alegría é como estrelas de cores arredor de cada un de nós. Unha viaxe ao mundo da fantasía. **Baía**

WWW



Arturo Abad & Miguel Cerro

### Un anaquiño de horizonte

Un pirata vive obsesionado coa idea de descubrir que se esconde detrás do horizonte. Ao horizonte fáltalle un anaquiño á dereita de onde se pon o sol. Por ese oco saltan os peixes e as botellas que esconden mensaxes secretas. **OQOeditora**

WWW



María Lado

### Porque Cuqui non quere ir á lavadora. Conto moi importante para lerlles aos maiores antes de dormir

Porque é un conto moi importante para lerlles aos maiores antes de dormir. Porque os protagonistas desta historia son absolutamente deliciosos. Porque está cheo de poesía, de aventura e de heroes. Porque Cuqui nace dun poema de María Lado e convértese nun libro. Un agasallo cheo de porques... **Apiario**

WWW



Pepe Carreiro

### Biblioteca Básica Os Bolechas

Colección de 12 divertidos libros que unen o espírito do universo Bolechas cun enfoque máis didáctico e de alto valor pedagóxico. Unha ferramenta para educadores que queren formar nenos en valores universais ou presentarlles hábitos seguros e saudables. Inclúe a tecnoloxía "O libro fala", que permite acompañar a lectura con recursos sonoros, así como pictogramas que axudan á comprensión dos nenos con dificultades de acceso á lectura. Pódese mercar completa coa Mulecha, a vaca-maleta dos Bolechas, ou por tomos. **Os Bolechas**

WWW



Pepe Carreiro

### Os Bolechas van nunha nave espacial

Braulio constrúe unha nave espacial e os irmáns soben nela para ir descubrir extraterrestres polo espazo intergaláctico. Carlos é o condutor, Pili a exploradora, Loli e Sonia as auxiliares e Braulio o comandante. Os astronautas chegan a un planeta descoñecido e... atopan dous extraterrestres! **Os Bolechas**

WWW



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

## CATIVOS MÚSICA PARA NENOS



Xoán Curiel e Charo Pita

### Estamos no verán

Novela-disco que xorde da colaboración entre a escritora Charo Pita e o músico Coán Curiel. Cóntanos a historia dun grupo de amigos nesa idade feliz de abandono da infancia e entrada na adolescencia. O seu soño é ter un grupo de música. Escrito como un diario, os lectores acompañarán esta pandilla nunha aventura musical co banda sonora e ritmos de rock, blues, hip hop. **Galaxia**

WWW



Uxía Fumaça

### Xiqui, xoque, fiu, fiu

Logo do seu grande éxito por toda a xeografía galega, o tren de María Fumaça fai unha nova parada co mesmo elenco de músicos e a mesma cantidade de enerxía positiva que na primeira entrega. **Galaxia**

WWW



Paco Nogueiras

### Brinca vai!

Paco Nogueiras ofrécenos doce cancións para os doce meses do ano que comeza. Nelas fálanos -a ritmo de rap, de rock ou de muiñeira- das festas, dos libros ou dos xogos. **Kalandra**

WWW



Magín Blanco

### Gatuxo

Magín Blanco preséntanos o seu último traballo, *Gatuxo*, con cancións tenras coma a pel dun bebé, sedutoras coma un sorriso, máxicas coma os soños. Unha instrumentación e harmonías enraizadas na música fráxil da natureza e a emoción que cativará e trasladará ao ouvinte a un estado de calma, amizade, descubrimento... **Galaxia**

WWW



Mamá Cabra

### Estación Nadal

Contan que só hai catro estacións: primavera, verán, outono e inverno. Pero é mentira. Hai unha máis e chámase Estación Nadal. É a máis divertida do ano, porque é tempo de agasallos pero tamén de cancións e de vacacións e de galdrumadas e de... en fin, de todas as cousas boas que ten a vida. **Galaxia**

WWW





LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

## CATIVOS XOGOS




Xosé López González e  
J. M.ª García Fernández

### Xoguetes naturais

Esta publicación apréndenos a realizar paso a paso 30 xoguetes con elementos da natureza (follas, herbas, flores...). Detrás de todas estas argalladas atopamos un forte compromiso coa defensa do medio ambiente e un devezto profundo de recuperación do xoguete popular e tradicional. **Ouvirmos**

www



Fernando M. Cimadevila e  
J. M.ª Picón

### Ophiusa. Xogo de cartas da Historia do Reino de Galiza

Trátase dun xogo de cartas no que aprendemos a historia do Reino de Galicia. Apto para todos os públicos, mestura o xogo tradicional de naipes coa estratexia posicional do dominó. Un agasallo divertido e educativo para toda a familia. **Mentis**

www



Galileo Nenos

### Peregrinus

Xogo baseado no Camiño de Santiago, dinámico e entretido, no que a sorte, o xogo en equipo, a intuición e a estratexia serán necesarios para descubrir perigos, atopar os amuletos correctos, deixar o bosque encantado antes de ser atrapado pola Santa Compañía e chegar a Santiago. Así que, atrevédevos a entrar no bosque encantado? **Galileo Nenos**

www



Xoguetes artesanais feitos con madeira, trapos...

### Trebellos xoguetes

En Trebellos este Nadal apostan por que os nenos fagan voar a súa imaxinación, soñen e poñan en marcha as súas cabeciñas para viaxar a mil e un lugares maravillosos na compañía dos xoguetes de sempre, como este cabaliño de trapo co que poderán correr centos de aventuras. **Trebello**

www



Xoguetes para nenos feitos a man

### Bicolico

En Bicolico desenvolven enredos e xogos artesanais, tradicionais e didácticos, construídos en madeira e en produtos naturais, pintados con tintas aptas para os nenos e nenas, con base de auga e non tóxicas.

**Bicolico**

www





LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA


LECER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## CATIVOS XOGOS



Bonecos de feltro, broches...

### Galiza en feltro

Este Nadal agasalla tanto a grandes coma a pequenos con xoguetes feitos a man e ecolóxicos como este *boneco gaitero* de Galiza en feltro, que podes personalizar para facer o agasallo máis orixinal. **Galiza en feltro**

WWW



Xoguetes artesanais e ecolóxicos

### A raíña verde

Coa perspectiva de potenciar o respecto pola natureza coa fabricación de xoguetes ecolóxicos, atopamos estes birlos compostos por seis pezas e dúas bólas de madeira, entre outras posibilidades. Un agasallo excepcional para os máis pequerrechos da casa. **A raíña verde**

WWW



Xogos de madeira, monicreques...

### Garlopín: xogos e xoguetes

Soprende os cativos da casa con monicreques feitos a man con materiais ecolóxicos, para xogar en familia este Nadal. **Garlopín**

WWW



LIBROS




REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

## CATIVOS AUDIOVISUAL



Edebé Audiovisual Licensing

### Loboferoz

**Animación.** Érase unha vez un lobo tan preguiceiro que, por non esforzarse, non comía máis ca sopas de arroz. Un día mirouse ao espello e, ao verse tan fraco, decidiu converterse nun lobo feroz.

www



Edebé Audiovisual Licensing

### Cocorico

**Animación.** Cocorico é un poliño traste, aínda que inocente e bo. Tamén é curioso e persistente, sempre está disposto a probalo todo e a aprender cousas novas. A serie conta a historia dunha maneira divertida e didáctica, chea de acción, aventuras e desventuras dunha pequena criatura que medra e aprende sobre a vida e o mundo que o rodea.

www



Ficción producciones

### Tutu

Serie de monicreques en 3D. Historias breves e sinxelas que teñen como protagonista a Tutu o canguro e á súa amiga inseparable, a pulga Nina.





LIBROS




REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

DECORACIÓN



*A tradición e a vangarda para decorar a túa casa.*



Estiltenda

WWW

### Teléfono Góndola negro

Ademais deste aparello de teléfono fixo de estética vintage de cor negro, nesta tenda en liña de mobles, iluminación, decoración etc. poderemos adquirir produtos igual de singulares ca este.



Habilium

WWW

### Pousavazos de coiro e de madeira

Habilium é unha tenda en liña que, traballando coa perspectiva do consumo responsable, ofrece produtos de papelería e de decoración, entre outros. Para mostra, velaquí un orixinal pousavazos de coiro e de madeira.



Tutendeta

WWW

### Centro de aluminio verde

Nesta tenda en liña podemos atopar diversos artigos de decoración de corte vangardista, como este centro de aluminio verde. Hai accesorios para a cociña, para a iluminación e para a decoración, entre outros.





LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

## ARTESANÍA



*Agasallos para sorprender a alguén especial.*



WWW

Bulideira

### Traxes e accesorios tradicionais

Esta empresa, ademais de confeccionar traxes tradicionais a medida, vende complementos e tecidos da mellor calidade para acompañar o vestuario, como sombreros, instrumentos ou xoiería. Sirva de exemplo este elegante reloxo de peto para home.



WWW

Eira Cerámica Artesá

### Amais de xoias, fan esculturas

Esta empresa artesá concibe a cerámica como química, física... tamén como ciencia e cultura... pero sobre todo como maxia.




WWW

Susi Gesto Ourive

### Artesanía de ourive

Galicia tamén é terra de ourives. Para mostra, esta peza única realizada en cobre e prata dun xeito artesanal. Un agasallo ben especial.



WWW

Montse Betanzos

### Colares, diademas, pulseiras...

Montse Betanzos preséntanos a súa colección de diademas elaboradas artesanalmente a partir de cunchas. Un abalorio elegante para lucir nestas festas.



WWW

Areladefe

### Xoiería e abalorios

Conxugación do tradicional e do contemporáneo. A xoiería é unha vía de expresión que permite plasmar sentimentos e momentos a través dos metais nobres, como o ouro e a prata.



WWW

Deica

### Desexo de aneis, colgantes...

Este é un proxecto creativo inspirado na cultura galega, que elabora complementos ilustrados como colgantes, pendentes, aneis... para levar sempre un anaco do noso vaías onde vaías.



LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA

LECER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## ARTESANÍA



WWW

Eferro

### Zocos artesanás

Elena Ferro pon a nota de cor este Nadal cos novos zocos de cor rosa, para muller.



WWW

Encoiros

### Coiro artesan: bolsos, carteiras...

Encoiros elaboran pezas de coiro artesanalmente, como este tallo triangular con decoración de trisquel celta. Un agasallo ben orixinal.




WWW

As Trécolas

### Fundas para pandeireta

Para os amantes da música este Nadal en Trécolas dispoñen de fundas personalizadas para instrumentos, como esta para pandeireta, bordada a man e con mestura de cores vivas.



WWW

Sanín

### Artesán de percusión tradicional

Bolso con forma de pandeireta, de coiro con estampados rosas. Con dupla funcionalidade, para gardar a pandeireta ou con función de bolso.




WWW

Varo Caride

### Carteiras, chaveiros, cintos de coiro

Cinto en coiro vacún con cantos pulidos e fivela rectangular dourada.



LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA

LECER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## ARTESANÍA



WWW

Laia

### Zapateiros artesanás

En Laia utilizan un dos mellores coiros (con curtido vexetal) e materiais naturais tratados dun xeito artesanal e utilizan un tipo de cosido que garante a comodidade do seu calzado.




WWW

Cabuxa

### Bolsos, feito a man

Cabuxa é un laboratorio de ideas onde arte e artesanía van dadas da man. Bolsos, carteiras e outros obxectos realizados coa calidade e exclusividade da artesanía e cos deseños de recoñecidos pintores.



WWW

Coas Mans Artesanía

### Artesanía con vidro, cerámica e téxtil

A luminosidade e a transparencia que ten o vidro permiten xogar con formas e cores para crear pezas atractivas e coloristas, coma esta que nos presenta Coas mans.



WWW

Reloxo de parede

### Fernando Porto

Obradoiro do que nacen esculturas, reloxos, cerámica, xoiaría... en cuxa produción se empregan porcelana, greses e barros refractarios cubertos con esmaltes de fabricación propia que lle dan a personalidade característica deste tipo de produción, e fan que cada peza sexa única, coma este relouxo de parede.



WWW

Xabóns artesanás

### Xabóns e candeas con cera de abella

Xabóns realizados con herbas e produtos naturais de xeito ecolóxico para así coidar a nosa pel e ser responsables co medio. En diferentes formatos, olores e presentacións para agasallos.



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

## AUDIOVISUAL



*Filmes galegos de todos os xéneros e condicións.*



Via Lactea filmes

### A Esmorça

**Filme.** Filme baseado na novela de Blanco Amor do mesmo título. Dirixida por Ignacio Vilar. Sen dúbida, a fita do ano.

WWW



Zeitun Films

### O quinto evanxeo de Gaspar Hauser

**Filme.** Fita que narra as peripecias de Gaspar Hauser e o seu inseparable cabaliño de madeira. Dirección da man de Alberto Gracia.

WWW



Xamalú Filmes

### O ouro do tempo

**Filme.** Alfredo Méndez garda na súa casa de campo o cadáver crionicamente preservado da súa muller desde hai algo máis de 40 anos. O amor que sente por ela, un amor tolo como doutro mundo, e a súa ambición médica levárono cara esta situación. Dirixida por Xabier Bermúdez.

WWW



Zeitun Films

### Costa da Morte

**Documental.** O documental atravesa a zona da Costa da Morte observando as persoas que a habitan: mariñeiros, peixeiras... O espectador é testemuña do traballo destas xentes e da inmensidade do territorio. O vento, a pedra, o mar, o lume, son personaxes entendendo a paisaxe como unha unidade xunto ao home, a historia e o mito.

WWW



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA





APPS MÓBILES



MÚSICA

## AUDIOVISUAL



EAF Producións

### A pegada dos avós

**Documental.** A “Pegada dos Avós” é unha película documental que aborda a memoria histórica dende un punto de vista moi pouco tratado. As persoas que buscan respostas son un grupo de adolescentes estudantes do último curso de bacharelato artístico.

WWW



Artemática

### Querida Gina

**Documental.** Juan e Serafin son dous homes correntes que viven en Cans, Galicia. Pero un feito do seu pasado provocará que inicien unha longa viaxe xuntos ata Roma para intentar ser recibidos por Gina Lollobrigida, a grande actriz italiana coa que compartiron pantalla como extras en 1958, en *Salomón y la rainha de Saba* de King Vidor.



Trespés

### En todas as mans

**Documental.** Este documental pretende mostrar o mundo do monte veciñal, unha realidade próxima, escasamente coñecida e pouco valorada pola sociedade galega. Ao tempo, sinala as potencialidades que ten como ferramenta válida para a xestión e custodia do territorio próximo.

WWW

lasogafilms

Lasoga Films

### Trinta lumes

**Documental.** Documental dirixido por Diana Toucedo e producido por La Soga Films sobre o Courel.



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

ROUPA



*O agasallo estrela do Nadal.  
Se é galega e creativa, o éxito está asegurado.*



Rei Zentolo

### Amodiño Vladimir

Rei Zentolo é unha das firmas pioneiras na creación de roupa (camisetas, suadoiros, bodies de bebé) e de complementos (cuncas, mandís, mochilas, chaveiros...) con lemas en galego simpáticos e chamativos.

www




Xiro

### Moda sostible

Pensando na sostiabilidade e na funcionalidade nace Xiro Revolution, os vaqueiros ecolóxicos da Costa Atlántica que, grazas ao seu deseño básico, se adaptan a diferentes estilos e idades. De corte *slim fit* e cun 2% de elastano para conseguir unha maior adaptación a cada tipo de corpo.

www



Cestola na Cachola

### Moda sostible feita en Galicia

Camisola de manga curta en cor branca, co deseño *Triada cestola* de Miguel Peralta estampado a unha cor. Prenda de comercio xusto, certificado por Fair Wear Foundation. Algodón ecolóxico 100%, certificado por GOTS. Serigrafiado por Bran Serigrafic.

www



O roupeiro de Tatán

### Moda ecolóxica

Este bolso 100% feito a man en la de primeira calidade é un dos produtos que nos ofrece O roupeiro de Tatán, onde toamén podes atopar vestidos, camisetas, pantalóns e todo tipo de moda ética e sostible.

www



Racataplán

### Roupa en movemento

Racataplán respecta os animais e o consumo responsable. Preséntannos este gorro reversible 95% algodón ecolóxico. Feito a man e sen tintes dañinos. Ideal para abrigarse do frío nestas festas.

www



Caramuxo

### Para o Carro OOH!!!

Este grupo de deseñadores aproveita o deseño de camisetas e suadoiros, entre outros produtos, como soporte para acentuar as costumes, ditos e festas, como demostra o desta camiseta.

www



LIBROS




REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

## GASTRONOMÍA



*Unha boa selección de produtos galegos de calidade.*



Adega Amedo

### Pero Bernal

Viño da Ribeira Sacra, elaborado con uva das ribeiras ao pé do río Sil. Recomendado especialmente para acompañar carnes vermellas, embutidos e queixos do país.



Adega Terra de Asorei

### Terra de Asorei

Terra de Asorei prodúcese con uvas 100% albariña coidadosamente vendimadas en caixas de 20 kg tras os veráns secos e calorosos da rexión, cando as uvas alcanzan o seu punto perfecto de maduración. Ideal para acompañar peixes ou mariscos.

[www](#)



Viños e licores

### Licores Os Maios

Elaboración con base de augardente de licores tradicionais galegos a través de receitas populares, algunhas de moita tradición como o licor café e a augardente de herbas, e outras menos coñecidas pero recollidas do saber popular, como a do licor de folla de figueira, licor de canela...

[www](#)




Cervexa artesá

### Gallaecia Celta

Unha cervexa complexa, que destapa moitas sensacións diferentes, debido á súa espectacular cor, agradables aromas e agriñosos sabores. Bebida para aventureiros e valentes, ousada e sorprendente, a compañeira perfecta para noites máxicas onde todo pode acontecer.

[www](#)



Cervexa artesá

### Áncora

Cervexa cunha feble combinación de malts acarameladas e malts tipo belgas. Presenta un lixeiro amargor e un aroma achegado pola utilización dos diferentes lúpulos utilizados na súa fabricación (columbus, centennial, cascade...), o que crea unha cervexa de trago longo.

[www](#)





LIBROS




REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

## GASTRONOMÍA



Queixo

### Castelo de Brañas

A Denominación de Orixe Protexida "Cebreiro" tan só está integrada por catro queixerías da zona das montañas galegas máis próximas á provincia de León. A máis famosa é Castelo de Brañas, que produce este queixo fresco para acompañar o aperitivo ou tamén a sobremesa.

WWW



Queixo de tetilla

### Catadoiro

Queixo de tetilla de aroma e de textura suave, elaborado na queixería Catadoiro. Ideal para degustar en calquera momento. Sen dúbida un dos mellores queixos galegos.

WWW



Queixería Daniberto

### San Simón da Costa

A elaboración do Queixo San Simón da Costa xunta unha receita tradicional coas mellores materias primas e o máximo control hixiénico-sanitario. Un produto que non pode faltar nas mesas este Nadal.

WWW



Vermú

### San Petroni

O vermú tinto St. Petroni posúe amplitude, elegancia e un grande percorrido de agradables matices no padal. Elaborado a partir de uva albariña, cultivada no Pazo Arretén, caracterízase por un gustoso e delicado sabor que lle outorga o microclima do val de Padrón, conformándose como un aperitivo excepcional.

WWW



Plantas medicinais e hortalizas ecolóxicas

### Milhulloa

Milhulloa é a única empresa galega dedicada á produción de plantas aromáticas e medicinais. Realiza todo o proceso de elaboración do produto, desde o cultivo até a transformación para a súa venda, como estas infusións coas que poderás completar a túa cesta de agasallos este Nadal.

WWW



LIBROS




REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

## GASTRONOMÍA



Mel

### Erica mel

Mel de eucalipto (70%) de cor ámbar claro, alaranxado con aroma floral e sabor doce. Ideal para combater problemas de gorxa e para adoçar infusións.

[www](#)



Fariñas e derivados

### O Muíño de Cuíña

Fariña producida polos muíños de Eladio Cuíña Taboada desde 1918. Un agasallo pouco convencional co que elaborar as sobremesas máis deliciosas deste Nadal.



Catrineta

### Xoubas en aceite de oliva

Esta marca de conservas galega nace co obxectivo de pór en valor un dos produtos galegos por excelencia, como estas xoubas en aceite de oliva. Ademais Catrineta ten en conta a o seu valor dentro da sociedade e pretende promover actividades e eventos culturais dentro do seu local.

[www](#)



Donoso

### Chocolatinas napolitanas

Ademais destas ricas chocolatinas coidadosamente presentadas, Donoso ofrece café, azucre, chocolate... Produtos de calidade dunha empresa cun longo percorrido.



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

LECER



*Experiencias únicas que farán  
inesquecible este Nadal.*



Incorporación de novos establecementos e ofertas

### Buy Deal

En Buy Deal podes atopar o agasallo perfecto para este Nadal. Comparte experiencias disfrutando da terra galega.



Turismo rural e produtos lácteos ecolóxicos

### Arqueixal

Arqueixal é unha granxa familiar situada na Comarca de Ulloa. Nun lugar especial que ofrece benestar respectando o medio natural. Promove un turismo rural e agrario sustentable, desde un punto de vista ecolóxico, económico e social. Agasalla este Nadal cunha experiencia holística de amor á terra.



Algodóns e fibras para ganchillar

### The Ganchillo Natural Revolution

Elabora os teus agasallos de Nadal con las e fíos de alta calidade ou regálallos a ese amigo ou amiga que se apuntou tamén á moda do “faino ti mesmo”.





LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LECER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

## TECNOLOXÍA



*Se rompes o peto e agasallas unha tableta, un reader ou un teléfono, lémbtrate de enchelos de contidos en galego.*



### Motorola

Moto G. Smartphone con sistema operativo Android con posibilidade de configuración en galego.



### Samsung

Galaxy note 4. Dispositivo móbil Android con posibilidade de configuración en galego.



### Nexus

Lollipop. Tablet co sistema operativo Android con posibilidade de configuración en galego.



### Microsoft

Surface Pro 3 dispositivo que mestura a potencia dun portátil co formato dunha tableta con posibilidade de configuración en galego.




### Tolemias

Tolemias é unha canle de contidos musicais dispoñibles baixo demanda. En Tolemias poderás atopar concertos e outros contidos relacionados coa música en directo. Actualmente en R Televisión.



### Blusens

Blusens Smart TV Nano 2 permite integrar de maneira doada en calquera televisor con HDMI o sistema operativo Android 4.1 Jelly Bean de interface evolucionada, que transforma o teu televisor nunha Smart TV.



LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA

LECER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## APP MÓBILES



*Aplicacións en galego para o teu móbil.  
Unha oferta que medra cada ano.*



### Fuelio

Para aqueles que viaxan moito en coche esta *app* será de axuda para levar a conta do gasto de combustible. Dispoñen dunha versión libre e doutra de pagamento, amais teñen versión en galego. Nestas Festas controlar os gastos será máis doado!


www



### Big Launcher

Esta *app* que converte o móbil intelixente ou smartphone en accesible para persoas maiores, cativos e xente con enfermidades de visión, problemas motrices ou cegueira. Ten opción de lingua galega e un custo pequeno... Un agasallo moi práctico nestas festas!

www



### A Faster Reader

Para aqueles que sofren o virus da présa, presentamos esta aplicación que permite aumentar a velocidade da lectura.

www



### Stop Smoking

Queres deixar de fumar e non sabes como? Con Stop Smoking será máis doado, porque será un xogo... e estarás ao tanto do que podes aforrar en diñeiro e en saúde!

www



### Trisquel

Trisquel é unha versión totalmente libre do sistema operativo GNU/Linux. Baséase en Ubuntu e só inclúe software libre. Trisquel ten varias edicións, deseñadas para diferentes usos: educación, empresas e netbooks portátiles.

www



LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA


LECER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## APP MÓBILES



### LinguaKit

Con LinguaKit explorar, analizar e obter unha mellor información de textos e documentos escritos é posible. Este web multilingüe, que integra, entre outras ferramentas lingüísticas, un resumidor, un analizador de sentimento ou un extractor das palabras chave que dan sentido a un texto, vai dirixida a un amplo abano de usuarios que fan da lingua un uso profesional, educativo ou xeral.

www



### Avalingua

En Cilenis levan traballando desde hai tempo en achar e mellorar aplicacións que permitan analizar a linguaxe natural. De aí nace LinguaKit, que permite explorar, analizar e obter unha mellor información de textos e de documentos escritos. Este web multilingüe vai dirixido a un amplo abano de usuarios que fan da lingua un uso profesional, educativo ou xeral.

www





LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA



APPS MÓBILES



MÚSICA

MÚSICA



*Un disco é un agasallo colectivo, para gozar en familia... ou cos colegas.*




Cuchufellos

**Arreguizante**

Con máis de cincocentos concertos ás costas, os Cuchufellos chegan este Nadal cun novo disco, *Arreguizante*, cargado de enerxía positiva a través da mestura de estilos musicais autóctonos e alleos, cos que non poderás parar de bailar.

WWW



Maskarpone

**Licor café**

Os ourensáns Maskarpone acaban de autoproducir o seu primeiro traballo, *Licor Kafé*, para dar a coñecer o seu persoal estilo onde fusionan o rock, ska e mesmo o reggae, cun excelente resultado. Está composto por cinco cancións coas que bailarás a rachar este Nadal e que te deixarán con ganas de máis. Un agasallo ideal para estas festas.

WWW



Nao

**Cartas no caderno**

Este disco é unha viaxe no tempo, nas cancións e nos grupos que marcaron os compoñentes deste conxunto de rock. As experiencias son recollidas en forma de cartas neste caderno de bitácora que se converte nun dos mellores agasallos para este Nadal.

WWW



Liga Gaiteira Galega

**Folk and Roll**

*Folk and Roll* é o primeiro disco da Liga Gaiteira Galega, gravado nos estudos A Ponte. Nel mesturan o folk co rock, dándolle un toque de modernidade, para non parar de bailar nestas festas. Preséntase nun formato realizado con materiais reciclables para protexer o medio natural.

WWW



Guadi Galego

**Lúas de outubro e agosto**

Guadi Galego, ex cantante de Berrogüeto, acaba de publicar o seu segundo traballo en solitario, *Lúas de outubro e agosto*, no que reivindica o papel da muller a través do pop en galego. Sen dúbida, unha das sorpresas deste Nadal.

WWW



Tanto nos ten

**Entre néboas**

*Entre néboas* é o segundo disco de Tanto nos Ten e nel segue a mestura de letras tradicionais e de composicións propias na base da música popular, rumbas, muiñeiras, pasodobres, xotas e foliadas. Conforman este disco autoproducido catorce composicións reivindicativas, de loita por unha sociedade máis xusta.

WWW



LIBROS



REVISTAS



CATIVOS



DECORACIÓN



ARTESANÍA



AUDIOVISUAL



ROUPA



GASTRONOMÍA



LEGER



TECNOLOXÍA




APPS MÓBILES



MÚSICA

## MÚSICA



Xan Campos Trío

### Ectropia

Despois de *Orixo Zero*, o trío formado polo pianista Xan Campos, o batería Iago Fernández e o contrabaixista Horacio García volve con outro disco impresionante, *Ectropia*, onde aposta pola modernidade e pola evolución jazzística a través dunha explosión de enerxía plasmada en once temas orixinais.

WWW




Alberto Vilas

### Crónica cromática

*Crónica cromática* é o segundo traballo discográfico do quinteto de Jazz liderado por Alberto Vilas. O álbum foi gravado nos estudos Boom de Gaia, Porto, coas composicións de Alberto Vilas, que non deixan indiferente a ninguén e que están tendo unha grande acollida, non só polos habituais seguidores do jazz, senón tamén polo gran público.

WWW



Alba María

### Aínda

**Premio Canción de Autor Concello de Teo.** *Aínda* é o primeiro disco de Alba, gañadora do I concurso de canción de autor do Concello de Teo. Á súa espectacular voz súmaselle guitarra, contrabaixo e percusións, cos que se forma un cuarteto que leva a música galega ao máis alto.

WWW




Ataque Escampe

### O disco vermello

*O disco vermello* son moitas historias de supervivencia e é tamén unha única historia de supervivencia. Son motoristas parapléxicos, obreiras que toman o sol, *beavies* de barrio e actrices de vida longa. É un reloxo biolóxico, un videoxogo de pelexas, unha aventura canibal, un xogo sen fronteiras, un restaurante chinés.

WWW



Luar na Lubre

### Torre de Breoghán

Luar na Lubre recupera un relato épico da cultura celta sobre o libro das invasións galegas en Irlanda. Inspirada no *Leabhar Gabhala*, da tradición oral irlandesa que chegou a nós no s. XI. Sen dúbida, un dos mellores discos deste grupo, no que un se pode envolver na maxia celta.

WWW





LIBROS

REVISTAS

CATIVOS

DECORACIÓN

ARTESANÍA

AUDIOVISUAL

ROUPA

GASTRONOMÍA

LECER

TECNOLOXÍA

APPS MÓBILES

MÚSICA

## MÚSICA



Desde sempre un cantar

### Arnela

*Dende sempre un cantar* recupera as cancións tradicionais máis coñecidas de agora e de sempre, que encaixan tanto nas romarías máis populares, coma nas festas e eventos urbanos, co obxectivo de que o público goce bailando, cantando e escoitando música de noso.

WWW




A Quenlla

### 30 anos de amor, dor e loita

A Quenlla volve cun disco recompilatorio destes trinta anos de traballo, amor e odio. Faino con firmeza e utilizando a música para denunciar que a nosa Penélope segue engaiolada nas teas escuras de enganos e de falsidade. Desta maneira, A Quenlla permanece na terra, denunciando as inxustizas e agromando o porvir.

WWW




Superoito

### Todo me dá voltas

O trío de Ordes presenta o seu primeiro traballo, no que mostran 13 temas de rock rápido con toques punk e con ecos de grupos coma os Herdeiros da Crus.

WWW




Iago Marta e Rubén Fdez.

### Son do mar

*Son do mar* é un sofisticado traballo feito dende a orixinalidade e a expresión destes dous músicos galegos. Composicións propias que voan nun mundo cheo de voces e de guitarras, creando unha paisaxe enxebre pero moderna. A fórmula musical xorde dunha raíz que se basea na música popular mesturada co jazz e a música.

WWW



Víctor Aneiros

### A soidade pide copas nos bares

Víctor Aneiros edita un novo disco, o sétimo da súa discografía oficial, e bautízao co inequívoco título de *A soidade pide copas nos bares*. Edita, unha vez máis, o selo vasco Gaztelupeko Hotsak, que xa ten no seu catálogo cinco discos do músico de Ferrol.

WWW





**Queridos Reis Magos:**

Chámome .....

vivo en ..... e teño ..... anos.

Este ano .....

Agradeceríavos moito .....

Graciñas e unha forte aperta!

Asinado: .....

Deposito legal: VG 769-2013

www



*E para os amigos. . .*

tes fermosas postais con que felicitar estas festas.



www



www

Concertos para os máis pequenos

*Ademais. . .*

a Rede de Dinamización Lingüística convidate a gozar das festas na nosa lingua coa programación de Nadal en Rede.

*Xa escolliches o agasallo que queres?*

Pois pídello aos Reis tamén en galego. A Rede de Dinamización Lingüística axúdache a facelo!

www



www

Teatro en familia



www

Risas para todas as idades

